

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN MODELO DE EQUILIBRIO XERAL COMPUTABLE E MEDICIÓN DO POSIBLE IMPACTO DUNHA BAIXADA DO IVE DO PEIXE E O MARISCO NAS PREFERENCIAS DOS CONSUMIDORES NO ANO 2025

En Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2025


REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e con domicilio en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nomeado polo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 56, do 22 de marzo de 2022), con poderes suficientes para a celebración deste acto de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 de Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro (DOG núm. 29, de 12 de febreiro).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para convir no nome das Entidades que representan, teñen conferidas e

R





EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.

SEGUNDO

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar, incluíndo no seu artigo 97.b), entre os obxectivos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a mellora das canles de comercialización e distribución dos produtos pesqueiros.

Neste sentido, a Consellería do Mar, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, desenvolverá unha política pesqueira que teña por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galegos, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades, potenciando a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación na pesca, o marisqueo e a acuicultura. Esta política comprenderá a adopción de novos métodos e técnicas de produción, transformación e comercialización, co obxectivo prioritario de potenciar, difundir e promover os sectores e produtos pesqueiros galegos, contribuíndo ao desenvolvemento da actividade



comercializadora das empresas do mar galegas en condicións de igualdade e competitividade, identificando aquelas situacións que poidan comprometer a súa viabilidade e incrementando así a súa competitividade.

TERCEIRO

Que ao abeiro do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, correspóndelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar exercer, entre outras, as funcións de promoción da competitividade dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura, e o fomento de todas aquelas accións encamiñadas a incrementar a competitividade das empresas da pesca, do marisqueo e da acuicultura nun contexto globalizado, mediante o reforzo das súas capacidades de innovación e adaptación ás demandas do mercado e, especialmente, no eido da regulación dos mercados pesqueiros, na mellora das canles de comercialización, e na adopción de novos mecanismos de comercialización.

CUARTO

Que a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación establece un marco de referencia para promover a colaboración entre os axentes públicos e privados do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, co fin de dar unha resposta eficaz ás esixencias do cambio tecnolóxico e de desenvolvemento económico sostible, de maneira que, de acordo co artigo 34.1 da citada lei, prevese a posibilidade de celebrar convenios de colaboración suxeitos ao dereito administrativo, ben entre os propios axentes públicos, ou destes con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, xa sexan nacionais, supranacionais ou estranxeiros, coa finalidade de realizar conxuntamente diferentes actuacións como, entre outros, proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento ou innovación.

R



QUINTO

Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socio-económicos e as institucións públicas para asegurar un dos seus fins, que é a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a USC manterá relacións con centros de investigación e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de convenios de investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

Que o aproveitamento eficiente das ferramentas analíticas a empregar e a súa utilidade á hora de orientar políticas públicas, require dun modelo robusto, realista e específico e, ao mesmo tempo, capaz de capturar a complexidade propia das interconexións económicas, non só entre sectores, senón tamén entre unidades institucionais. Isto precisa de actores que conxuguen experiencia previa no desenvolvemento de modelos input-ouput, medios técnicos especializados e coñecemento específico dos sectores da pesca, o marisqueo e a acuicultura, toda vez que, cada un destes sectores emprega tecnoloxías e inputs diferentes e, ao mesmo tempo, teñen tanto especies e mercados coincidentes, como outros específicos. Igualmente, posto que os modelos input-output son especialmente intensos en datos, un requirimento adicional é que os actores contén cunha computación previa dos datos necesarios para testar e alimentar os modelos, xa que doutro modo o resultado non pode ser nin realista nin específico.

Que na actualidade este conxunto de requirimentos só poden ser cumpridos pola Universidade de Santiago de Compostela, que en tanto que única institución que conta con equipos que xa elaboraron este tipo de táboas para a pesca galega, ofrece acreditada experiencia no desenvolvemento e aplicación de modelos input-output no ámbito da pesca, desenvoltos cun nivel de detalle suficiente para capturar especificamente a estrutura produtiva e interconexións de ate 14 sectores do complexo pesqueiro galego. Ademais, dispón dun dos factores esenciais para este desenvolvemento, que é a posibilidade de cruzar datos de custes produtivos, especies



capturadas/producidas e frota ou sector produtivo ao longo dun período amplo de tempo.

Que a Universidade de Santiago de Compostela, ademais de medios técnicos, conta cos desenvolvementos previos necesarios para realizar o traballo requirido, de xeito que parte da infraestrutura analítica necesaria para este proxecto, a matriz de contabilidade social (SAM) na que se integran as táboas input-ouput da pesca-conserva de Galicia, as táboas input-ouput de Galicia e as contas económicas de Galicia, está xa desenvolvida, o que permite artellar un grado de detalle moi elevado respecto aos sectores da pesca nun marco moi complexo e completo, no que se integran o sector público (permitindo incorporar na modelización ingresos e gastos públicos) e as familias (permitindo integrar os efectos dos cambios na renda e no consumo). Achégase así un factor de eficiencia, xa que en calquera outro caso sería necesario construír estes desenvolvementos previos.

SEXTO

Que o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (Prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139, establécese que o apoio no marco desta prioridade 2 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio da consecución de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan o de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

No programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España" contéplase, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 a través da "mellora



da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas”, apoiar accións de promoción; en concreto, apoiar operacións consistentes en campañas de comunicación e promoción dos produtos e a actividade de pesca sostible ... así como proxectos de análise que sirvan para avaliar e planificar a dirección e impacto das campañas de promoción dos produtos e as actividades da pesca e a acuicultura.

Deste xeito, o Programa céntrase na mellora competitiva no sector mar-alimentario implicando un estudo estratéxico que pode conducir, polo tanto, a unha mellora significativa na competitividade do sector.

O obxecto do presente convenio considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, considéranse elixibles tódolos custes, IVE incluído, segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) N° 2021/1139, do 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, dado que o beneficiario da operación é un organismo público, a porcentaxe do investimento elixible é do 100% e, en aplicación do seu artigo 40, a porcentaxe de cofinanciación polo FEMPA é do 70%.

SÉTIMO

Que a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela consideran esencial o establecemento de accións conxuntas de carácter colaborativo, compartindo os riscos e obxectivos que permitan realizar os traballos reflectidos no Anexo I, no marco das accións de investigación e desenvolvemento, para realizar estudos



referentes ao impacto que a redución da presión impositiva, en particular do IVE, tería sobre as preferencias dos consumidores, de cara á modelización dunha campaña de promoción do consumo de peixe que estimule a demanda.

Estas accións conxuntas deberían traer aparellados unha serie de beneficios sociais e académicos:

A) Beneficios sociais:

- Mellora da capacidade de análise e predición a disposición do sector pesqueiro e da Consellería do Mar.
- Mellora da precisión do instrumental analítico dos datos de input-output dispoñibles e ampliación do rango de aplicacións para futuros usos por parte da Consellería e a USC.
- Mellora da capacidade propositiva de políticas públicas que poidan incidir positivamente na marcha dos sectores pesqueiro, acuícola e marisqueiro galegos.
- Consolidación dos recursos científicos para a análise do impacto socio-económico da pesca en Galicia.

b) Beneficios académicos:

- Formación dun doutor en economía con especialización en economía pesqueira.
- Publicación dun mínimo de dous artigos en revistas indexadas en JCR (Journal Citation Reports) nas que se discutan os efectos redistributivos das políticas de redución do IVE de pescados e mariscos e os efectos de arrastre sobre o resto da economía.
- Presentación dun mínimo de dúas comunicacións a congresos internacionais.



OITAVO

Que a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela confían nos medios dos que dispoñen ambas partes para afrontar estas tarefas, motivo polo que se formaliza a colaboración entre ambas institucións co fin de conseguir estes obxectivos, tal e como se reflicte na memoria xustificativa que se anexa.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

A través do presente convenio establécense os termos e condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela, para a coordinación da realización de estudos referentes ao impacto que a redución da presión impositiva, en particular do IVE, tería sobre as preferencias dos consumidores, de cara á modelización dunha campaña de promoción do consumo de peixe que estimule a demanda.

En concreto, o obxectivo do convenio é a creación dun modelo de Equilibrio Xeral Computable (CGE) asociado as táboas input-output de Galicia que permita ampliar o rango de aplicacións e análises e, en particular, mellorar a medición de impactos asociados a cambios nos impostos, como pode ser o caso do IVE, ou cambios nas preferencias dos consumidores.

En particular, unha vez programado o modelo, procede aplicalo, en primeiro lugar, ao impacto da baixada do IVE do peixe e á modelización dunha campaña de promoción do seu consumo para estimular a demanda.



SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar á Universidade de Santiago de Compostela polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade máxima de corenta e cinco mil trescentos oitenta euros (45.380,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 16.02.723B 640.0, código de proxecto 2023 00197 S, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse, pola súa propia natureza, como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

Para a realización das accións obxecto deste convenio, a Universidade de Santiago de Compostela contribuirá cun máximo de dez mil euros (10.000,00 €), achega na que se poderán asignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) que a entidade empregue no desenvolvemento das accións contempladas na cláusula primeira e responsabilizarse de organizalas na súa totalidade, en estreita colaboración coa Consellería do Mar.

De conformidade ao establecido no artigo 54. b) do Regulamento 2021/1060, polo que se establecen as disposicións comúns ao FEDER, FS+ FC, FTJ e FEMPA, serán elixibles os custos indirectos nos que incorra a entidade na súa execución ata un máximo do 15 % dos custos directos de persoal que se xustifiquen con cargo ao convenio.

No caso de que da execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada una das partes asinantes deberán asumir a parte proporcional correspondente dos gastos nos que efectivamente incorran, coa excepción de que a comisión de seguimento creada na cláusula sexta emita outro ditame.



A tramitación do presente convenio é ordinaria e anticipada de gasto, e a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, que establece a posibilidade de tramitar anticipadamente expedientes de gasto. Existe crédito previsto no proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2025, aprobado o 17 de outubro de 2024 polo Consello da Xunta, xustificándose pola duración prevista das actuacións recollidas no presente convenio, que fan necesario o seu inicio nos primeiros meses de 2025.

As actuacións recollidas no presente convenio (Anexo A) son financiáveis, nun 70 %, co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través do convenio que se propón no marco da prioridade da Unión, obxectivo e medida do FEMPA: 2.2.2. mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, prevista no artigo 26 Regulamento (UE) 2021/1139. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

A Universidade de Santiago de Compostela empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración, que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento deberá achegarse a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.



TERCEIRA.- OBRIGAS

A Universidade de Santiago de Compostela obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, a Universidade de Santiago de Compostela obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

A Universidade de Santiago de Compostela obrígase a planificar e coordinar, xunto coa Consellería do Mar, as actividades e eventos a celebrar dentro do marco do presente convenio e o plan de comunicación aparelado a este, notificando coa maior antelación posible e, en calquera caso, nun prazo nunca inferior a un mes, as datas e programa provisional de calquera evento público asociado ao mesmo.

A Universidade de Santiago de Compostela obrígase á entrega de dous informes, un primeiro de resultados preliminares, e un segundo cos resultados definitivos do estudo, acompañados da súa presentación pública. Os informes serán entregados en dous exemplares en formato papel e copia dos mesmos en soporte dixital, este último en lingua galega cunha versión traducida ao castelán.

Finalmente, e antes do 15 de decembro, presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio, así como unha conta de resultados en relación á finalidade do mesmo, que abrangan todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións que constitúen o seu obxecto.

Ademais, deberá achegar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados ao máximo posible. Así mesmo deberá presentar xustificantes de pago referidos ás facturas e demais xustificantes de gastos achegados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida asegurar a rastrexabilidade da operación xustificada.



CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a Universidade de Santiago de Compostela responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- PUBLICACIÓN E DIVULGACIÓN.

Todas as partes recoñécense o dereito que ostentan para publicar os resultados da investigación. Neste senso, cando unha das partes desexe utilizar parcial ou totalmente a información adquirida para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitarlle a súa conformidade á outra parte por escrito, mediante carta certificada dirixida ao responsable da mesma no seguimento da actividade. A outra parte deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días, facendo constar a súa autorización, as súas reservas ou a súa desconformidade sobre a información que se pretende difundir. Transcorrido dito prazo sen obter resposta, entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

En calquera documentación, carteis, propaganda ou publicacións que elaboren as partes para a súa difusión ou divulgación pública en relación coa actividade, e exclusivamente nos casos previstos no presente convenio, deberá facerse especial mención aos autores do traballo. Neste suposto, así como en calquera publicación ou divulgación de resultados obtidos ao abeiro deste convenio deberá facerse especial mención a que a actividade foi financiada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e pola Consellería do Mar.

Non en tanto, a utilización do nome de calquera das partes con fins publicitarios alleos ao obxecto da colaboración regulada por este convenio, requirirá a autorización previa e expresa por escrito dos órganos competentes da mesma.

SEXTA.- SEGUIMIENTO.

Para os efectos de coidar do cumprimento do estipulado no presente convenio, créase unha comisión de seguimento do mesmo, que estará composta pola persoa responsable da Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar, ou persoa en quen delegue, en representación da Consellería do Mar, e por Gonzalo Rodríguez Rodríguez, profesor titular do Departamento de Economía Aplicada por parte da Universidade de Santiago de Compostela. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, a Universidade de Santiago de Compostela atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio e o plan de comunicación aparelado ás actividades do mesmo.

Será necesario, que con anterioridade á execución das diferentes actividades, a Consellería do Mar dispoña de toda a información de calquera evento público e que dea o seu visto e praxe antes da súa realización.


SÉTIMA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura e ata o 15 de decembro de 2025, sendo susceptible de prórroga, por acordo entre as dúas partes.

OITAVA.- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.







NOVENA.- CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada lei.

A tramitación do presente convenio é ordinaria e anticipada de gasto, e a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, que establece a posibilidade de tramitar anticipadamente expedientes de gasto. Existe crédito previsto no proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2024, aprobado o 17 de outubro de 2024 polo Consello da Xunta, xustificándose pola duración prevista dalgunhas das actuacións recollidas no presente convenio, que fan necesario o seu inicio nos primeiros meses de 2025.

DÉCIMA.- LITIXIOS.

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solventadas pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula sexta anterior. Se non se puidera alcanzar o dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA PRIMEIRA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA.

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e



no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Pola Universidade de Santiago de Compostela

O conselleiro do Mar

O Reitor Magnífico



Alfonso Villares Bermúdez



Antonio López Díaz



ANEXO

ORZAMENTO DO CONVENIO

(IVE engadido)

ACHEGA CONSELLERÍA MAR

PERSOAL 33.200,0

Persoal investigador contratado

AXUDAS DE CUSTO 2.300,0

Desprazamentos rexionais e asistencia congresos

DIFUSIÓN DE RESULTADOS 4.200,0

INSCRIPCIÓN EN EVENTOS CIENTÍFICOS 700,0

SUBTOTAL 40.400,0

CUSTOS INDIRECTOS 4.980,0

SUBTOTAL 45.380,0

ACHEGA USC

DEDICACIÓN PDI

Gonzalo Rodríguez Rodríguez

Victor Hugo Martínez Ballesteros

Jesús Pereira López

SUBTOTAL 10.000,0

TOTAL 55.380,0